

# Plan de traballo para o benestar e a convivencia



## Índice

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DO PLAN NO CENTRO E UNHA XUSTIFICACIÓN DESTE . .	3
ANÁLISE DO CONTEXTO .....	4
OBXECTIVOS .....	5
OBXECTIVO XERAL .....	5
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS MEDIBLES .....	5
<b>Ámbito de coordinación</b> .....	5
<b>Ámbito de difusión</b> .....	6
<b>Ámbito de prevención e intervención:</b> .....	8
PROCEDIMENTO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN E, DE SER O CASO, DE DIFUSIÓN. ....	11

## INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DO PLAN NO CENTRO E UNHA XUSTIFICACIÓN DESTES.

O presente plan de traballo foi elaborado segundo as indicacións da [ORDE do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia](#).

A [Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación](#), na redacción dada pola [Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro](#), establece no seu artigo 124.5 que as administracións educativas regularán os requisitos e as funcións que debe desempeñar o coordinador ou a coordinadora de benestar e protección, que debe designarse en todos os centros educativos independentemente da súa titularidade.

A [Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia](#), dedica o capítulo IV do título III ao ámbito educativo. No artigo 35.1 refírese á obrigatoriedade de que todos os centros educativos onde cursen estudos persoas menores de idade, independentemente da súa titularidade, deben ter unha coordinadora ou un coordinador de benestar e protección do alumnado, que actuará baixo a supervisión da persoa que exerza a dirección ou a titularidade do centro. Así mesmo, no artigo 35.2 sinala que as administracións educativas competentes determinarán os requisitos e funcións que debe desempeñar a coordinadora ou o coordinador de benestar e protección e determinarán se estas funcións deben ser desempeñadas por persoal xa existente no centro escolar ou por novo persoal.

Nesta mesma lei orgánica establécese que todos os centros educativos elaborarán un plan de convivencia, de conformidade co artigo 124 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, entre cuxas actividades se incluírán a adquisición de habilidades, sensibilización e formación da comunidade educativa, promoción do bo trato e resolución pacífica de conflitos polo persoal do centro, o alumnado e a comunidade educativa sobre a resolución pacífica de conflitos.

A [Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa](#), sinala no seu artigo 10.1 que o proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da lei e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O dito plan integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, obxectivos, directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

A [Estratexia galega de convivencia escolar 2025](#) recolle, dentro dunha das liñas de actuación, a mellora da coordinación do benestar e protección do alumnado sinalando que, a través da figura da persoa que exerza a dita coordinación nos centros educativos, se establecerán os mecanismos necesarios para unha maior coordinación en materia de educación emocional, de xeito que se converterá nun referente para apoiar o labor do profesorado ante posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.

## ANÁLISE DO CONTEXTO

Desde o curso 2015/16 o centro participa nas enquisas por parte da Consellería de Educación sobre o estado da convivencia no centro. Até o de agora os resultados devoltos foron máis que satisfactorios e esperanzadores, xa que pese ao volume de alumnado que hai escolarizado, xamais se detectaron grandes problemas de convivencia, agás os habituais pequenos conflitos, todo dentro da normalidade.

Coñecer o estado no que se atopa a convivencia nos centros escolares non é un labor sinxelo, canto menos esixe o achegamento á realidade práctica, á vida do centro, e avaliar a todos os axentes educativos que a integran. Estamos ante un concepto interpersoal, dinámico, que depende, en gran medida, do clima de valores que se vive no centro, xa que estes orientan o facer das persoas, o seu comportamento. "A convivencia escolar é unha construción colectiva e dinámica, xa que, é froito das interrelacións de todos os membros da comunidade escolar e modifícase de acordo aos cambios que experimenten esas relacións no tempo. Así concibida, a calidade da convivencia é responsabilidade de todos os membros da comunidade educativa, sen excepción." (Donoso, 2005).

Actualmente, á falta de coñecer os resultados da última enquisa realizada en maio do 2023; pola nosa experiencia e polo que percibimos a diario, a convivencia séguese mantendo dentro dos parámetros normais – non hai situacións de acoso, non hai situacións de agresións graves e intencionadas- pero si detectamos que é moi necesario consolidar a convivencia positiva nas aulas, garantindo os dereitos e dignidade de todas e cada unha das persoas que convivimos a diario neste espazo.

De xeito puntual identifícase por parte do profesorado algún conflito de indisciplina, illamento, posible absentismo, atrasos e incursións na aula, ausencia de materiais para traballar, faltas de respecto, etc... E desde a perspectiva do alumnado notificanse pequenas pelexas, algún intento de intimidación, illamento, inxustiza, falta de respecto, falta de sensibilidade, etc; que todas elas se terminan solucionando cando se detectan. Para elo debemos e queremos centrarnos en potenciar a consideración do noso alumnado como eixe central das nosas actuacións para incrementar o seu compromiso, a súa conexión, a súa participación e implicación no proceso de ensino aprendizaxe e na marcha diaria do centro e, en definitiva, da convivencia e do benestar de toda a comunidade educativa.

## OBXECTIVOS

### OBXECTIVO XERAL

**Conseguir o máximo de benestar para todos os membros da comunidade educativa, especialmente do alumnado; así como contribuír desde o centro a establecer unha relación de confianza mutua entre os diferentes axentes da comunidade educativa.**

### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS MEDIBLES

Referidos a tres ámbitos fundamentais: a coordinación, a difusión e a intervención.

#### Ámbito de coordinación

1. Trasladar nos claustros trimestrais e ao Consello Escolar información sobre a xestión para o benestar e convivencia no centro, recollendo propostas para a concreción de medidas.
2. Colaborar cos axentes educativos para o deseño e implementación de accións que

favorezan o benestar emocional e a protección do alumnado, así como a mellora da convivencia e o clima escolar.

ÁMBITO DA COORDINACIÓN		
ACCIÓNS	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
1. Explicar ao claustro a figura do coordinador de benestar e convivencia.	Coordinadora de benestar e convivencia	Principio de curso
2. Expoñer nos claustros de final de trimestre as accións e medidas que se tomaron no trimestre anterior co tema relativo á convivencia do centro e fomento do benestar e convivencia no centro	Xefatura de estudos en colaboración coa coordinadora de benestar e convivencia	En cada claustro de final de trimestre.
3. Establecer no horario da coordinadora de benestar unha reunión de coordinación coa orientadora do centro para o deseño e elaboración de titorías, ademais de intercambio de información sobre alumnado en risco ou vulnerable,	Xefatura de estudos	Principio de curso, a coordinación realizarase ao longo de todo o curso

### Ámbito de difusión

1. Difundir as súas funcións e informar do procedemento para seguir para comunicar posibles situacións de violencia ou desprotección no centro educativo ou na contorna, incluído os posibles casos de acoso escolar.
2. Informar sobre os protocolos existentes no ámbito educativo ante calquera expresión de violencia:
  - [Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.](#)
  - [Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo.](#)

- [Protocolo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.](#)
- [Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil](#)

3. Detectar as necesidades formativas en materia de convivencia e benestar do alumnado e propoñer accións formativas dirixidas á comunidade educativa.

4. Orientar á comunidade educativa sobre o uso dos datos de carácter persoal do alumnado menor de idade a través da difusión de manuais ou orientacións específicas:

- [Protocolo de Protección de datos](#)
- [Identidade dixital](#)

ÁMBITO DE DIFUSIÓN		
ACCIONES	RESPONSABLE	TEMPORALIZACIÓN
1. Elaborar unha infografía ou mini guía para detección e avaliación de alumnado en risco, e difundila entre o profesorado do claustro, cunha copia visible na sala de profesorado para a súa consulta.	Coordinadora de benestar e convivencia	1º trimestre
2. Explicar nun claustro o procedemento para seguir para comunicar posibles situacións de violencia, ademais de onde poden localizar esa información en caso de necesitala ao longo do curso	Equipo directivo	1º trimestre
3. Elaborar una presentación cos puntos da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e do DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.	Coordinadora de benestar e convivencia	1º trimestre

4. Expoñer nun claustro a normativa vixente sobre convivencia escolar en Galicia e a forma de xestionala no centro.	Equipo directivo	1º trimestre
5. Facilitar a todo o claustro o enlace directo aos protocolos que determina a consellería de Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades	Coordinadora de benestar e convivencia	1º trimestre
6. Difusión de manuais e orientacións específicas sobre a protección de datos a través de correo electrónico para o profesorado e da web para toda a comunidade educativa.	Coordinadora de benestar e convivencia	1º trimestre

### Ámbito de prevención e intervención:

1. Detectar situacións de malestar, ansiedade, sufrimento... no conxunto da comunidade educativa e dotar de recursos para o acompañamento e intervención.
2. Xestionar os diversos protocolos de actuacións ante sospeita ou posibles situacións de acoso, violencia, risco suicida, malos tratos, etc..
3. Contribuír ao deseño e á actualización do Plan de Convivencia.
4. Impulsar, en colaboración co equipo de dinamización de benestar e convivencia, proxectos e actividades que favorezan a convivencia positiva, así como o uso de métodos alternativos de resolución pacífica de conflitos.
5. Colaborar na implementación de actividades, campañas, plans e programas dirixidos á prevención do acoso escolar e á mellora da convivencia e do benestar e a protección do alumnado.

ÁMBITO DE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN		
ACCIÓNS	RESPONSABLE	TEMPORALIZACIÓN



<p>1. Detectar situacións de malestar, ansiedade, sufrimento... no conxunto da comunidade educativa e dotar de recursos para o acompañamento e intervención na comunidade educativa</p>	<p>Profesorado Equipo directivo Dpto de Orientación Persoal non docente Familias Comunidade educativa e xeral</p>	<p>Todo o curso</p>
<p>2. Manter o benestar e dotar de instrumentos de resiliencia e mellorado afrontamento á comunidade educativa.</p>	<p>Profesorado Equipo directivo Dpto de Orientación Persoal non docente Familias Comunidade educativa e xeral</p>	<p>Todo o curso</p>
<p>3. Promover a través da ANPA a formación dirixida ás familias ben desde as propias escolas de nais e pais ou ben en actividades que se desenvolverán a través de plataformas dixitais.</p>	<p>ANPA</p>	<p>Todo o curso</p>
<p>4. Colaboración con entidades e asociacións en plans e propostas de benestar e convivencia</p>	<p>Equipo directivo Dpto de Orientación</p>	<p>Todo o curso</p>

	Coordinadora de convivencia	
5. Fomentar o desenvolvemento de medidas e actividades que favorezan a <b>integración e adaptación do alumnado</b> no seu grupo de convivencia, así como a detección e intervención ante posibles dificultades emocionais derivadas das diferentes situacións persoais dos alumnos.	Equipo directivo Dpto de Orientación Coordinadora de benestar e convivencia Claustro	Todo o curso
6. Sesión semanal de tutoría co alumnado. (PAT)	Titores/as	Todo o curso
7. Elaborar unha proposta de <b>Conmemoracións</b> a desenvolver polo Equipo de Dinamización de benestar e convivencia no presente curso.	Equipo de dinamización de benestar e convivencia	1º trimestre
8. Continuar coas actividades de " <b>Buzón de Convivencia</b> " e " <b>Patios Lúdicos</b> ".	Equipo de dinamización de benestar e convivencia	Todo o curso
9. Designar a persoa que levará os casos de acoso e xestionar o procedemento	Dirección do centro	Todo o curso
10. Actualizar o Plan de Convivencia do centro.	Comisión de convivencia	Todo o curso
11. Participación en plans e programas da	Dirección do	

Consellería de Educación e/ou outros organismos.	centro Claustro	Todo o curso
--	--------------------	--------------

### **PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN E, DE SER O CASO, DE DIFUSIÓN.**

Este plan será revisado e actualizado ao longo de todo o curso co fin de mellorar e adecuar o mesmo á realidade tanto do centro como do curso escolar.

A final de cada trimestre valoraranse as accións de cada ámbito cun escala onde se indique se as accións están:

a. Sen traballar      b. Empezadas e en proceso.      c. Completadas pero necesítase retomalas.      d. Completadas.

Ademais incluírase na avaliación unha proposta de melloras con aquelas accións que necesitan volver repetirse de igual maneira, as que necesiten modificación ou as que xa non sexa necesario realizalas xa sexa porque non funcionaron como se programou ou que xa se alcanzaron.

En canto á difusión realizarase a través da páxina web do centro